

## PROGRAMA DE MOBILIDADE DE ESTUDANTES POR CONVENIO BILATERAL Convocatoria 2024-2025

### Resolución do 24 xaneiro de 2024 pola que se convocan prazas de mobilidade por convenio bilateral para estudantes de grao e mestrado da Universidade de Santiago de Compostela (USC) cara a universidades de países extracomunitarios

A USC convoca para o curso académico 2024-2025 prazas de mobilidade para a realización de estudos en diversas universidades de países extracomunitarios (países de América Latina, Europa do Leste e Asia, Suíza, Estados Unidos, Canadá e Australia) coas que a USC ten formalizado un convenio bilateral de intercambio de estudantes.

De conformidade co art. 33 da Lei 39/2015, a esta convocatoria aplicaráselle o procedemento de tramitación de urxencia, quedando reducidos á metade os prazos ordinarios, excepto no caso das solicitudes e os recursos.

Esta convocatoria vai dirixida ao estudantado matriculado nun programa oficial de grao, dobre grao ou mestrado de máis de 60 ECTS e está suxeita ao Regulamento de Intercambios Interuniversitarios da USC, aprobado polo Consello de Goberno o 26 de outubro de 2012, e ás seguintes bases reguladoras:

#### PRIMEIRA. OBXECTO E FINALIDADE DA CONVOCATORIA

1.1. A finalidade do programa de mobilidade é ofrecer ao estudantado da USC a posibilidade de realizar estudos, durante un ou dous semestres, nas diversas universidades coas que a USC teña suscrito o correspondente convenio bilateral para intercambio de estudantes. Estes estudos serán plenamente recoñecidos pola USC e pasarán a formar parte do expediente académico do/a estudante nesta institución. O recoñecemento só se denegará se o/a estudante non acadara o nivel requirido na institución de acollida ou non cumpre, por outros motivos, as condicións esixidas polas institucións participantes para acadar o pleno recoñecemento.

1.2. As prazas ofertadas nesta convocatoria son as recollidas nos **Anexos I e II** desta resolución. Non figuran nesta oferta institucións cuxos prazos de solicitude para esta convocatoria non se poidan cumprir. Tampouco figuran aquelas institucións que non responderon positivamente aos intercambios en convocatorias pasadas ou que, por mor do equilibrio entre estudantado recibido e enviado, solicitaron non recibir estudantes no próximo curso.

En ningún caso se poderán conceder ao abeiro desta convocatoria prazas de mobilidade en institucións de educación superior distintas das recollidas nos Anexos I e II.

#### SEGUNDA. REQUISITOS XERAIS PARA PARTICIPAR NA CONVOCATORIA

2.1. Nesta convocatoria poderá participar o estudantado matriculado na USC no curso 2023-2024 nun título oficial de grao, nun programa de simultaneidade (dobre grao) ou nun máster de

máis de 60 ECTS na mesma titulación para a que solicita a mobilidade. Este requisito deberá cumprirse con data 31/10/2023. O período de estudos no estranxeiro deberá formar parte integral do programa de estudos do centro de orixe.

2.2. A presente convocatoria non é de aplicación para o estudiantado de programas de doutoramento e de titulacións de mestrado de 60 ECTS. Tamén queda excluído o estudiantado matriculado na USC en réxime de intercambio en virtude doutros convenios ou programas de mobilidade.

2.3. Serán excluídas de oficio as candidaturas do estudiantado que, resultando seleccionado en anteriores convocatorias de programas de mobilidade, non presentase a súa aceptación ou renuncia no prazo e forma debidos, ou que presentase renuncia fóra de prazo sen causa xustificada, ou incumprira algunha outra das súas obrigas relacionadas coa mobilidade, tendo isto como consecuencia a suspensión da participación en programas de intercambio da USC.

2.4. No caso das titulacións de grao, serán excluídos do proceso de selección os/as candidatos/as que non teñan superado o 15% dos créditos do título. Este requisito deberá cumprirse con data 31/10/2023, non entrando no cómputo os créditos superados no curso 2023-2024.

Considerarase que o estudiantado que teña solicitado recoñecemento de créditos cumpre este requisito se na data de peche da convocatoria figuran como superados no seu expediente académico como mínimo o 15% dos créditos da titulación.

O requisito de ter superado o 15% dos créditos non será de aplicación para o alumnado que inicie unha segunda titulación da mesma rama de coñecemento ou afín á que rematou o curso anterior. Así, por exemplo, non rexerá este mínimo naqueles casos en que o/a estudante teña superado previamente un *minor* e estea a cursar un *maior* dos graos impartidos pola Facultade de Filoloxía.

2.5 Este requisito da superación do 15% dos créditos da titulación non é de aplicación para o estudiantado de máster de máis de 60 ECTS.

2.6. Os requisitos xerais para participar nesta convocatoria deberán posuírse no momento que expire o prazo de presentación de solicitudes e deberán manterse durante todo o período de mobilidade, con excepción dos requisitos establecidos nas bases 2.1 e 2.4, que teñen como data de referencia o 31/10/2023.

2.7. O alumnado que acepte unha praza de mobilidade por Convenio Bilateral para o curso completo non poderá seguir participando en convocatorias doutros programas de mobilidade da USC para o mesmo período. Este estudiantado será excluído doutros programas de mobilidade convocados pola Oficina de Mobilidade aos que concorrese para o mesmo período de tempo, sen prexuízo de que deba presentar tamén a renuncia formal a ese programa. Non obstante, poderá aceptar unha praza de mobilidade por Convenio Bilateral e optar a outra doutro programa de mobilidade dentro do mesmo curso académico se estas son para semestres distintos.

### TERCEIRA. AXUDAS ECONÓMICAS

3.1. O estudantado seleccionado para o programa de mobilidade por convenio bilateral non deberá pagar taxas académicas (en concepto de matrícula, inscrición, exames, uso de laboratorios, bibliotecas etc.) na institución de acollida durante o período de mobilidade acordado. Non obstante, a institución de acollida pode esixir o pagamento de taxas reducidas para cubrir os custos do seguro, a afiliación a sindicatos de estudantes e/ou o uso de materiais diversos, tales como fotocopias, produtos de laboratorio etc. nas mesmas condicións que o estudantado propio desa institución. Tamén pode esixir a contratación dun determinado seguro de saúde.

3.2. O estudantado seleccionado para este programa de mobilidade poderá optar a axudas que contribúan ao financiamento da súa mobilidade a países extracomunitarios, tanto as convocadas pola USC (3.2.1) como as que puidera convocar o goberno autonómico ou outros organismos (3.2.2 e 3.2.3).

**3.2.1. Axudas propias da USC:** A USC concederá 40 axudas de mobilidade financiadas cos fondos de Política Interior (KA131-HED). Dado que estes fondos son parte do programa Erasmus+, as persoas beneficiarias quedarán suxeitas á regulación europea que rexe ditas axudas. A asignación das axudas farase **en función da cualificación media do expediente académico** (media simple non penalizada) entre o alumnado que obteña destino na asignación definitiva e acepte a súa praza segundo o procedemento indicado. Crearase unha listaxe de agarda entre o estudantado que non obteña as axudas, co mesmo criterio da media do expediente. En caso de producirse renuncias posteriores á asignación, as axudas asignaranse por orde ao alumnado da listaxe de agarda.

#### 3.2.1.1. Contía das axudas

As axudas para a mobilidade serán de dous tipos: (i) axuda de mantenza e (ii) axuda de viaxe. As axudas quedan supeditadas á sinatura dun convenio (IIA) entre a USC e as universidades receptoras do estudantado. Os importes expresados a continuación son os referidos ás axudas aprobadas polo SEPIE para o curso 2023-2024, e poden diferir das finalmente aprobadas para o curso 2024-2025. Proporcionarase a título informativo, coa advertencia de que poden sufrir modificacións cando se asine o convenio de subvención.

**(i) Axuda de mantenza:** 1400€ por estadía (1900€ para alumnado bolseiro do MECD ou con necesidades especiais), coa excepción das prazas en universidades suízas, que terán unha axuda de 620€ por estadía (1120€ para alumnado bolseiro do MECD ou con necesidades especiais).

Trátase dunha cantidade fixa por estadía, independentemente da duración da mesma, sempre que a mobilidade sexa dun mínimo de dous meses. Antes da súa partida, o alumnado beneficiario deberá asinar un *Convenio de Subvención*, comprometéndose a cumprir todos os requisitos para recibir a axuda. Tamén deberá obter o *Certificado de fin de estadía*, debidamente cuberto e selado pola universidade de acollida, cando remate o período de mobilidade.

#### (ii) Axuda de viaxe:

Para calcular a distancia en quilómetros dende o centro de estudos na USC ata a cidade de destino, empregarase a calculadora de distancias indicada pola Comisión Europea, que se atopa na seguinte ligazón: [http://ec.europa.eu/programmes/erasmus-plus/tools/distance\\_en.htm](http://ec.europa.eu/programmes/erasmus-plus/tools/distance_en.htm)

Distancias de viaxe	Cantidade
Entre 500 e 1999 km	275 € por participante
Entre 2000 e 2999 km	360 € por participante
Entre 3000 e 3999 km	530 € por participante
Entre 4000 e 7999 km	820 € por participante
8000 km ou máis	1500 € por participante

### 3.2.1.2. Relación coas mobilidades Erasmus+

Estas axudas están financiadas por fondos europeos, o que supón que as persoas beneficiarias deberán cumprir os mesmos requisitos e aportar a mesma documentación que nos programas Erasmus+. O programa Erasmus+ permite realizar máis dunha mobilidade Erasmus+ ao longo de cada nivel educativo (grao, máster e doutoramento), ata un máximo de 24 meses nas titulacións de grao en Medicina, Odontoloxía, Farmacia e Veterinaria e de 12 meses no resto de titulacións impartidas pola USC. A efectos prácticos, o estudiantado de Medicina, Odontoloxía, Farmacia e Veterinaria poderá realizar 4 semestres (consecutivos ou non) de mobilidade Erasmus+ durante o grao. O resto do estudiantado só poderá realizar un máximo de 2 semestres (consecutivos ou non) en mobilidade Erasmus+. O estudiantado tamén estará suxeito ás limitacións establecidas no seu plan de estudos, á normativa de permanencia e ao resto de normativa aplicable. Neste período máximo de 12 ou 24 meses tamén se deben incluír posibles mobilidades Erasmus+ realizadas con anterioridade no mesmo nivel de estudos (tanto de estudos como de prácticas), así como os meses que dure a estadía por convenio bilateral das persoas que reciban as axudas Erasmus+. Do mesmo xeito, o estudiantado que realizara previamente unha estadía Erasmus+ para o mesmo nivel de estudos para o que solicita agora a mobilidade por convenio bilateral só será elixible para recibir estas axudas se ten un mínimo dun semestre dispoñible do seu cómputo de meses como bolseiro/a Erasmus+.

No momento de aceptar a mobilidade por convenio bilateral, o alumnado beneficiario das axudas descritas nesta base poderá renunciar a elas se prefere non consumir os meses que ten dispoñibles para unha posible estadía Erasmus+ no futuro.

Ao alumnado de intercambio por convenio bilateral non bolseiro non lle afecta este cómputo de meses, de tal xeito que a duración da súa estadía por convenio bilateral non será tida en conta se no futuro realiza unha estadía Erasmus+.

3.2.1.3. **Pago:** A axuda ten por obxecto contribuír aos gastos de mantenza e viaxe; non cobre a totalidade dos gastos ocasionados. Esta axuda da UE non terá que ser solicitada polo/a estudante, senón que a USC, como entidade colaboradora, solicitará e, no seu caso, aboará ao estudiantado. A axuda aboarase nun único ingreso despois de recibir na Oficina de Mobilidade o *Convenio de Subvención* asinado pola persoa beneficiaria.

3.2.1.4. **Reembolso das axudas económicas:** O alumnado que realizara unha estadía dunha duración inferior a 2 meses que non entregue o certificado de fin de estadía ou que incumpra algún outro requisito deberá reembolsar a totalidade da axuda recibida.

3.2.1.5. **Documentación:** O estudiantado beneficiario destas axudas deberá utilizar os documentos de acordo de estudos, cambios, certificados de chegada e fin de estadía específicos facilitados pola Oficina de Mobilidade.

### 3.2.2. Bolsas da Xunta de Galicia

A Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades da Xunta de Galicia pode convocar axudas económicas para o estudiantado de calquera das universidades desta comunidade autónoma que teñan concedida unha praza de mobilidade con destino en países extracomunitarios. Ata a actualidade, a Consellería excluía destas axudas ao estudiantado de mestrados e a aquel que xa tivese obtido esta axuda en cursos anteriores. Tamén se excluía ao alumnado que, con nacionalidade distinta á española ou con dobre nacionalidade, realizase a mobilidade no seu país de orixe ou nalgún do cal é nacional.

A Oficina de Mobilidade informará puntualmente ao estudiantado de convenio bilateral da publicación destas axudas, que deberán ser solicitadas directamente pola persoa interesada á Consellería conforme o procedemento establecido nas bases da convocatoria.

3.2.3. No caso das universidades suízas recollidas no Anexo II, o alumnado seleccionado poderá optar ás axudas ofrecidas polo goberno suízo. Estas son incompatibles coas axudas Erasmus+, polo que quen obteña a axuda descrita na base 3.2 terá que renunciar a ela se quere optar á do goberno suízo. Como referencia, está previsto que a axuda do goberno suízo sexa de 1900 ou 2200 francos por semestre. Antes de proceder ao pago da axuda Erasmus+, a USC comprobará coas universidades suízas se a persoa solicitante obtivo a axuda do seu goberno.

A convocatoria de axudas propias de Suíza non supón en ningún caso obrigas financeiras para a USC.

3.3. O estudiantado seleccionado que posúa axudas ou préstamos de carácter nacional seguirá percibíndoos na súa totalidade durante o período de estudos no estranxeiro, agás que a convocatoria da axuda da que se trate estableza a incompatibilidade.

## CUARTA. DURACIÓN DA MOBILIDADE

4.1. As persoas seleccionadas para o intercambio realizarán a mobilidade no período que corresponda ao **primeiro semestre, segundo semestre ou curso completo 2024-2025 da USC**, sempre segundo as datas marcadas polo calendario da universidade de destino.

4.2. O comezo das clases nas distintas universidades dependerá do seu calendario académico específico. O/A estudante de intercambio que non poda incorporarse fisicamente na data prevista decaerá nos seus dereitos. Non se aceptará a incorporación á universidade de destino en data posterior á sinalada por esta para o comezo do semestre.

## QUINTA. AMPLIACIÓN DA ESTADÍA

5.1. O estudiantado que teña concedida unha praza semestral para realizar o intercambio no primeiro semestre da USC poderá solicitar unha ampliación de estadía ao seguinte semestre na

mesma universidade de acollida. Non serán susceptibles de ampliación as mobilidades anuais ou as correspondentes ao segundo semestre da USC.

5.2. A concesión da ampliación da estadía estará en calquera caso supeditada á autorización da universidade de destino en base ao aproveitamento positivo da estadía, á autorización do/a Responsable Académico/a de Mobilidade (RAM) do centro ao que pertence o/a estudante e á do coordinador institucional da USC. En caso de que a ampliación da estadía non sexa concedida, a motivación desta decisión será comunicada por escrito ao alumnado solicitante da mesma.

5.3. Os/As estudantes que realicen unha ampliación de estadía terán que enviar, xunto coa solicitude de ampliación, a proposta de modificación do acordo de estudos (ver base decimocuarta) para engadir as materias correspondentes ao novo semestre.

## SEXTA. REQUISITOS LINGÜÍSTICOS

6.1. O estudiantado deberá acreditar, antes do remate do prazo de solicitudes, o coñecemento da lingua oficial do país de destino ou da lingua de uso da universidade de acollida. Se ao finalizar o prazo de solicitudes aínda non se contase co certificado correspondente, deberá declararse na solicitude que o requisito se superou en prazo, á espera da súa acreditación documental durante o prazo de emenda da solicitude. Esta acreditación deberá probar que o requisito se reunía antes do fin de prazo de solicitudes.

6.2. Non se lle esixirá acreditar o nivel de idioma a aquelas persoas que teñan como lingua materna a esixida na universidade na que desexan realizar a mobilidade. Esta circunstancia deberase indicar e acreditar no momento de realizar a solicitude mediante unha copia do pasaporte ou tarxeta de identidade estranxeira.

6.3. O estudiantado que solicita unha estadía en Brasil terá que acreditar na súa solicitude o coñecemento de portugués, aportando un dos certificados recollidos na listaxe publicada en: <https://www.usc.gal/gl/servizos/clm/acreditacion/titulos.html>

Tamén servirá como acreditación ter superada a parte A (B1-A, B2-A, C1-A) das probas de acreditación de competencia lingüística realizadas polo Centro de Linguas Modernas da USC (CLM), circunstancia que se fará constar na solicitude.

Estará exento de acreditar o coñecemento de idioma o estudiantado que teña realizada unha estadía Erasmus en Portugal e os/as estudantes que teñan aprobado un mínimo de 12 ECTS en materias cursadas en lingua portuguesa.

6.4. O nivel mínimo de lingua inglesa para optar a universidades de Estados Unidos e Canadá é o seguinte:

TOELF Paper base	TOELF IBT	IELTS
500	61	6.0

Cómpre que as persoas solicitantes consulten os requirimentos específicos de cada universidade no Anexo I ou nas webs respectivas onde se establecen algún título adicional, excepcións á obriga de título e, nalgúns casos, requisitos máis altos destes mesmos títulos. A USC non se



responsabilizará naqueles casos onde o estudiantado elixa universidades de destino para as que non cumpre os requisitos lingüísticos.

O estudiantado deberá achegar coa súa solicitude o certificado de acreditación, ou no seu defecto, unha captura de pantalla na que se amose o *TOEFL Score Report*, a puntuación IELTS ou outra titulación aceptada.

6.5. Para estadias en países asiáticos e de Europa do Leste, o estudiantado deberá acreditar coñecementos lingüísticos do idioma do país a través de calquera título oficial existente desas linguas, cun nivel mínimo equivalente a B1 no Marco Común Europeo de Referencia. No seu defecto será suficiente con posuír os requisitos mínimos para nivel de inglés expresados na base 6.4 ou outro dos títulos recoñecidos, sempre que a universidade de destino así o acepte.

É responsabilidade do estudiantado consultar os requirimentos específicos das universidades respectivas.

6.6. Para as mobilidades en universidades suízas, o Anexo II especifica os títulos de idioma requiridos (inglés, alemán ou francés). A súa acreditación poderá facerse con calquera dos títulos de nivel B1 ou superior recollidos na listaxe publicada en <https://www.usc.gal/gl/servizos/clm/acreditacion/titulos.html>. Tamén servirá como acreditación ter superada a parte A (B1-A, B2-A, C1-A) das probas de acreditación de competencia lingüística realizadas polo CLM, circunstancia que se fará constar na solicitude.

6.7. Estará exento de acreditar o coñecemento de idioma o estudiantado das titulacións recollidas na Resolución Reitoral de 05/06/2015 que teñan superadas as materias ou módulos necesarios para que se lles recoñeza o nivel B1, B2, C1 ou C2. Esta Resolución Reitoral está dispoñible en <https://minerva.usc.es/xmlui/handle/10347/13501>.

Esta excepción non se aplica ás universidades da base 6.4 nin a aquelas que esixan acreditar o coñecemento lingüístico cun certificado determinado.

## SÉTIMA. PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES

7.1. A solicitude deberase efectuar exclusivamente online a través da Secretaría Virtual (Expedientes > Intercambio > Convenio Bilateral 2024-2025), seguindo as instrucións recollidas na aplicación informática. O prazo de solicitude abrangue dende o 25 xaneiro 2024 ás 00:00 horas ata as 23:59 horas do 18 de febreiro 2024.

7.2. Para ser admitidos/as ao procedemento de selección, os/as estudantes manifestarán na súa solicitude que reúnen todos e cada un dos requisitos e condicións de acceso esixidos, referidos á data de peche do prazo de solicitude, con excepción dos requisitos establecidos nas bases 2.1 e 2.4, que teñen como data de referencia o 31/10/2023.

7.3. A presentación da solicitude de mobilidade implica a total aceptación das bases por parte de cada solicitante. A mobilidade configúrase como bilateral, o que supón dúas condicións: en primeiro lugar, a selección e presentación da candidatura por parte da USC á universidade de destino e, en segundo lugar, a aceptación da candidatura por parte da universidade de destino.

As universidades de destino resérvanse o dereito a rexeitar as persoas candidatas que non acaden a cualificación mínima esixible segundo as súas normativas internas de aplicación, aquelas que non acrediten debidamente o coñecemento lingüístico, aquelas cuxo acordo de estudos sexa inviable dende a perspectiva da universidade de acollida ou aquelas que teñan outras circunstancias análogas que a universidade anfitríoa considere impedimento para a realización do intercambio.

7.4. Unha vez finalizada a solicitude, a aplicación informática non permite volver acceder aos datos. Por tanto, se durante o prazo de solicitudes o estudantado quere realizar algunha corrección ou modificación, deberá abrir unha nova solicitude. Terase como válida a última solicitude concluída correctamente na aplicación informática antes do fin do prazo de presentación de solicitudes.

7.5. Para a selección de destinos o estudantado deberá examinar a oferta académica das universidades da súa preferencia e facer unha escolla acorde á súa titulación e perfil académico, seguindo estes pasos:

- i. Comprobar nos Anexos I e II a listaxe de universidades ofertadas. No caso das **universidades suizas**, só pode optar ás prazas o estudantado dos centros e **graos que recolle o Anexo II**. A solicitudes de alumnado que non se corresponda cos graos que especifican no anexo serán rexeitadas.
- ii. Comprobar nas páxinas web das universidades as seguintes cuestións:
  - a. que a súa titulación se atopa entre as que oferta esa universidade;
  - b. que as materias que incluírá no acordo académico están ofertadas no período no que se pretende realizar o intercambio;
  - c. que se reúnen os requisitos específicos establecidos pola universidade de destino na súa páxina web;
  - d. o calendario académico dos destinos solicitados (compatibilidade cos seus estudos na USC e con posteriores estudos que desexen emprender, como prazos de admisión a másteres, programas de doutoramento etc.).
- iii. Reunirse co/a RAM ou co/a Coordinador/a do seu centro na USC para revisar a escolla de universidades e materias e recibir asesoramento sobre o mesmo antes de completar a solicitude.
- iv. Indicar nos recadros correspondentes da aplicación en liña da solicitude na Secretaría Virtual un total de 10 universidades de destino, en orde de preferencia. No caso de que sexan menos as universidades desexadas, a persoa solicitante deberá repetir o último destino seleccionado ata chegar ás 10. Non se debe incluír ningunha universidade que non sexa de interese para a persoa candidata ou para a que non se cumpran os requisitos.
- v. Indicar o período de estudos no que se desexa realizar o intercambio.

No caso de solicitar destinos con requisito lingüístico, o estudantado deberá cargar na aplicación informática a documentación requirida (documentos en formato PDF, RTF, DOC, DOCX, ODT ou JPG; Peso máximo 2 MB) no campo establecido para tal efecto:

- i. Certificacións ou títulos que acrediten o coñecemento de linguas estranxeiras, de acordo coa base sexta desta convocatoria.



- ii. Documento que acredite a coincidencia da lingua materna coa do país de acollida para os efectos da exención da acreditación do coñecemento de idioma (copia do pasaporte ou tarxeta de identidade estranxeiros).
- iii. Declaración de ter superada a proba A dalgún exame de competencia lingüística do CLM ou de estar nalgún dos casos de exención referidos na base sexta. A Oficina de Mobilidade comprobará no expediente da persoa solicitante a veracidade da circunstancia alegada.

Se non se presenta ningún destes documentos, a solicitude quedará excluída para o destino con requisito lingüístico. A documentación poderá achegarse na fase de emendas de solicitudes, sempre que quede demostrado que tal requisito se reunía antes do fin de prazo de presentación de solicitudes.

A Oficina de Mobilidade poderá requirir ás persoas solicitantes en calquera momento do proceso os documentos orixinais.

Finalizado o prazo de presentación de solicitudes, a prelación dos destinos convértese en definitiva, polo que o alumnado non poderá en ningún caso cambiar os destinos ou a orde dos mesmos. Unha vez publicadas as listaxes definitivas de asignación de destinos, non haberá listaxes de agarda nin reasignacións de destinos nas vacantes producidas por renuncias.

7.6. As persoas candidatas deberán gardar unha copia da súa solicitude. Non será necesario entregala nin enviala á Oficina de Mobilidade.

7.7. O alumnado que non realice a súa solicitude en prazo a través da Secretaría Virtual non será admitido ao proceso de selección. Nos casos nos que, por motivos técnicos imputables á USC, non sexa posible realizar a solicitude en prazo a través da Secretaría Virtual, a persoa afectada deberá presentar un escrito a través do Rexistro Electrónico da USC (<https://sede.usc.es/formularios/solicitudes/rexistroElectronico.htm?execution=e2s1>) dirixido á Oficina de Mobilidade indicando esta circunstancia. De non presentar este escrito dentro do prazo de solicitude, a candidatura non será admitida ao proceso de selección.

## OITAVA. ADMISIÓN DE ASPIRANTES

8.1. Todas as solicitudes que cumpran os requisitos desta convocatoria serán aceptadas como candidaturas válidas e entrarán no proceso de asignación de destinos. Rematado o prazo de solicitudes, a Oficina de Mobilidade publicará na sede electrónica da USC a listaxe provisional de persoas admitidas e excluídas, xunto cos destinos provisionais asignados.

8.2. O estudiantado que na súa solicitude non tivera achegado toda a documentación esixida na presente convocatoria aparecerá como excluído. Non obstante, disporá dun prazo de 5 días hábiles contados a partir do día seguinte ao da publicación da devandita listaxe provisional para emendar a súa solicitude a través do Rexistro da USC tal e como se explica na base 7.7. Transcorrido ese prazo, publicarase a listaxe definitiva de candidaturas admitidas e excluídas xunto coa asignación provisoria de destinos.

## NOVENA. CRITERIOS E PROCESO DE ASIGNACIÓN DE DESTINOS

9.1. O proceso de asignación de destinos será competencia da Oficina de Mobilidade. A Comisión

de Asignación estará formada polo/a Xefe/a da Oficina de Mobilidade, que actuará como presidente/a, e por dous membros do persoal da Oficina de Mobilidade, un das cales actuará como secretario/a.

9.2. Nos Anexos I e II consta o número total de prazas ofertadas para cada universidade de destino. Dentro dese número máximo, algunhas universidades limitan o número de estudantes que poden recibir dunha mesma titulación, circunstancia que será tida en conta pola Oficina de Mobilidade na asignación de destinos. No caso das universidades suízas, as prazas son para áreas de estudo concretas, e non poden asignarse a persoas doutros graos ou centros, tal como se indica na base 7.5.

Algunhas universidades aplican tamén outras restricións de prazas por áreas de coñecemento ou segundo o convenio coa USC. Estes requisitos deberán ser comprobados polo estudiantado antes de facer a escolla de destinos. A información do Anexo I é orientativa e pode variar para cada curso ou convocatoria. No Anexo I está indicada a data da última actualización.

9.3. Non se ampliará en ningún caso o número de prazas ofertadas segundo os anexos nin os límites de prazas por titulación e por destino. Queda expresamente prohibido que o alumnado contacte directamente con ningunha universidade coa intención de solicitar prazas novas ou unha ampliación das existentes.

9.4. Os destinos serán asignados unicamente en base aos destinos solicitados polo/a estudante e por estrita orde de media académica. A cualificación media que se terá en conta será a media simple non penalizada a data 31/10/2023. No caso do estudiantado de másteres, terase en conta a cualificación media de admisión ao máster.

No caso de existir máis solicitantes que prazas dispoñibles para unha mesma universidade, dirimirase en favor do mellor expediente académico. No caso de empate entre dúas candidaturas que solicitan a mesma universidade, tomaranse en consideración como criterios supletorios, por esta orde, os seguintes: 1) maior nivel de idioma para os destinos con requisitos lingüísticos; 2) maior número de créditos superados; e, no caso de persistir o empate, 3) menor número de convocatorias consumidas para a superación das materias do plan de estudos correspondente no conxunto do expediente académico.

9.5. A Oficina de Mobilidade non lle asignará unha praza alternativa ao estudiantado que fose rexeitado por unha universidade de acollida por non existir nela a súa titulación ou por restricións expresas desa titulación para o intercambio.

9.6. Nos casos en que, aínda existindo a titulación na universidade asignada, a persoa proposta para o intercambio non atope materias coas que elaborar un acordo académico factible no semestre da súa estadía, ofreceráselle a posibilidade de pospoñer a súa incorporación á universidade de acollida ao seguinte semestre. Isto só aplica ás mobilidades que se ían realizar no primeiro semestre da USC ou ás mobilidades anuais que se acurtarían a semestrais para realizalas no segundo semestre da USC. En caso de que tampouco sexa posible a formalización dun acordo de estudos semestral, o estudiantado poderá renunciar á estadía sen penalización. A posibilidade de asignación dun novo destino será só excepcional, despois de que as persoas responsables da Oficina de Mobilidade valoren cada caso particular.

9.7. En caso de que a universidade de acollida rexeite a persoa candidata pola falta de equilibrio entre estudantado enviado e recibido, ou pola cualificación media do/a estudante proposto/a pola USC, a Oficina de Mobilidade valorará a posibilidade de propor a candidatura para outra universidade das indicadas na súa solicitude, sempre que existan prazas dispoñibles e que non estea pechado o prazo de aceptación de candidaturas de intercambio nesa universidade.

#### DÉCIMA. RESOLUCIÓN DEFINITIVA

10.1. As persoas interesadas poderán presentar reclamacións contra a asignación provisional de destinos (base oitava) publicada pola Oficina de Mobilidade, así como renunciar á praza asignada, no prazo de 5 días hábiles, contados dende o día seguinte á data da súa publicación. Transcorrido ese prazo e analizadas e resoltas, de ser o caso, as reclamacións e reasignadas as prazas de producirse renuncias nesta fase, se asignarán as 40 axudas (base 3.2.1) en función da cualificación media do expediente académico e a Oficina de Mobilidade elevará a proposta definitiva de selección e de axudas concedidas á Vicerreitoría de Titulacións e Internacionalización.

10.2. A resolución definitiva publicarase na Sede electrónica da USC. Esta resolución esgotará a vía administrativa e contra ela poderase interpor recurso contencioso-administrativo.

#### DECIMOPRIMEIRA. OBRIGAS DO ALUMNADO SELECCIONADO

11.1. Os/As estudantes seleccionados/as deberán manifestar a súa aceptación ou renuncia (impreso dispoñible en <https://www.usc.gal/gl/servizos/area/internacional/mobilidade-estudiantes/convenio-bilateral-saintes>) ante a Oficina de Mobilidade no prazo de 10 días hábiles a partir da resolución definitiva. O estudantado que non teña manifestado a súa aceptación ou renuncia ata ese momento consideraranse decaído nos seus dereitos.

11.2. As renuncias que se produzan fóra do prazo establecido e sen causa xustificada debidamente acreditada serán motivo de exclusión en posteriores convocatorias da Oficina de Mobilidade. Aplicarase esta mesma penalización ao alumnado que non presente a súa aceptación ou renuncia por escrito dentro do prazo establecido.

11.3. As persoas que soliciten participar en varios programas de mobilidade no mesmo curso académico deberán ter en conta o exposto na base 2.6.

11.4. Vencido o prazo para a aceptación/renuncia á praza de mobilidade por convenio bilateral, seguirase o seguinte procedemento:

- i. A Oficina de Mobilidade comunicará as nominacións do estudantado seleccionado ás universidades de acollida. A continuación, os/as estudantes realizarán os trámites pertinentes para a súa inscrición como estudantes de intercambio na universidade de destino, respectando os prazos marcados pola mesma para a presentación de candidaturas ao intercambio. A universidade de acollida estudará a documentación de candidatura enviada polo/a estudante e, no caso de aceptala, enviaralle ao/á alumno/a ou á Oficina de Mobilidade a **carta de aceptación** (documento

- imprescindible para o intercambio e para o trámite do visado). A aceptación das persoas candidatas é competencia exclusiva da universidade de destino
- ii. Para a xestión das axudas descritas na base 3.2.1, a Oficina de Mobilidade asinará os convenios de intercambio (IIA) pertinentes coas universidades socias. En caso de que as universidades non os asinen a tempo, o estudantado poderá optar entre realizar a súa mobilidade sen axuda ou ben renunciar á mobilidade sen ningunha penalización. Unha vez formalizados ditos convenios coas universidades socias, o estudantado beneficiario deberá asinar un *Convenio de Subvención* coa USC, onde se contemplan as súas obrigas para recibir a axuda.
  - iii. Para a súa postulación á universidade de destino, o/a estudante pode necesitar preparar unha carta de motivación, o seu currículum vitae e/ou unha carta de presentación de referencia académica (a Oficina de Mobilidade facilitará modelo destes documentos). As universidades de destino, de acordo coas súas propias especificacións, poderán solicitar tamén documentación adicional: pasaporte en vigor ata a data de fin de estadía, certificado de antecedentes penais, certificación bancaria, certificado académico, póliza de seguro etc.
  - iv. O/A estudante formalizará un **acordo de estudos** (*Learning Agreement*; ver base decimosegunda). Neste documento o/a estudante determinará, dunha parte, as materias elixidas na universidade de destino e, da outra, as materias das que terá que formalizar matrícula na USC para as que pretenda o recoñecemento. Dito acordo de estudos será formalizado antes do inicio da mobilidade, se ben é posible modificalo durante o primeiro mes tras a incorporación á universidade de destino. O acordo de estudos será asinado como mínimo polo/a estudante, o/a Responsable Académico/a de Mobilidade (RAM) e o coordinador institucional da USC.
  - v. Para a elaboración do acordo de estudos o estudantado seleccionado deberá acceder aos programas das materias nos sitios web das universidades de destino. Tamén deberá empregar o sitio web da universidade de destino para obter calquera información complementaria que precise.
  - vi. O estudantado seleccionado deberá **formalizar matrícula na USC** da totalidade dos créditos incluídos no acordo de estudos nos prazos de matrícula ordinarios e aboar os prezos públicos correspondentes.
  - vii. O estudantado seleccionado recibirá a *Credencial de Estudante de Intercambio*, que é o documento oficial que acredita e autoriza ao/á estudante a iniciar a mobilidade internacional, fixando a universidade de destino, o período de estadía e calquera outra característica relevante a efectos oficiais. **A USC non acreditará como estudante de intercambio os/as estudantes que non acheguen un acordo de estudos válido á Oficina de Mobilidade en tempo e forma.**
  - viii. O estudantado deberá cursar na universidade de destino os estudos reflectidos no acordo de estudos ata o remate do período de mobilidade.
  - ix. O estudantado deberá formalizar o **seguro de asistencia en viaxes** dispoñible para os/as estudantes de intercambio, abonándoo xunto coa matrícula. De precisar a súa contratación con anterioridade ás datas de matrícula, o estudantado fará chegar unha petición á Oficina de Mobilidade, que o informará sobre o proceso de contratación anticipada.
  - x. Dado que os países extracomunitarios requiren visado de entrada, unha vez obtida a carta de aceptación da universidade de destino, o estudantado terá que solicitar o **visado de estudante** na Embaixada en España do país correspondente. É

responsabilidade do estudantado informarse na Embaixada dos requisitos e documentación que precise e facer a solicitude de visado coa antelación suficiente. A renuncia á mobilidade causada pola mala xestión do visado por parte do estudantado dará lugar ás penalizacións expresadas nas bases 11.1 e 11.2.

- xi. O estudantado de intercambio levará consigo os seguintes documentos:
  - a) Acordo de estudos
  - b) Carta de aceptación da universidade de destino
  - c) Credencial de estudante de intercambio expedida pola Oficina de Mobilidade
  - d) Seguro médico
  - e) Visado de estudos en vigor (no seu caso)
- xii. O estudantado deberá **acreditar** perante a Oficina de Mobilidade **a súa data de chegada á Universidade de destino e a súa data de fin de presenza**, bastando coa remisión por correo electrónico a: [bilateral.exchange@usc.gal](mailto:bilateral.exchange@usc.gal) (Santiago) e [international.lugo@usc.gal](mailto:international.lugo@usc.gal) (Lugo) dos impresos correspondentes (modelo facilitado pola Oficina de Mobilidade no seu sitio web) debidamente selados pola institución receptora.
- xiii. O estudantado deberá obter as cualificacións, sexa de superación da materia ou de suspenso, das materias que figuran no seu acordo de estudos definitivo. As cualificacións deberán estar recollidas nunha certificación académica orixinal acreditativa dos estudos realizados. No caso de cualificacións emitidas en formato dixital polas universidades estranxeiras, estas só se considerarán válidas nos casos en que se poida comprobar a súa autenticidade por medios electrónicos ou no caso de que sexan enviadas por email directamente dende as universidades de acollida aos decanatos ou á Oficina de Mobilidade (aínda que non teñan certificado dixital). **Non se admitirán acreditacións electrónicas procedentes en exclusiva dos/as propios/as discentes.**

O incumprimento desta obriga terá como consecuencia a exclusión do/a estudante de calquera outro programa de mobilidade xestionado pola USC.

11.5. O alumnado que incumpra algunha destas obrigas considerarase decaído nos seus dereitos, e poderá aplicárselle a penalización expresada no punto 11.2. desta convocatoria, se se considera que o incumprimento é responsabilidade do/a alumno/a.

## DECIMOSEGUNDA. REDACCIÓN E CONTIDOS DO ACORDO DE ESTUDOS

12.1. O estudantado que resulte seleccionado para participar no programa de mobilidade por convenio bilateral deberá, con carácter previo ao inicio da mobilidade e contando co asesoramento do/a respectivo/a coordinador/a académico/a ou o/a RAM do seu centro, formalizar un acordo de estudos (*Learning Agreement*). Nel incluíranse as materias ou actividades que se van cursar na universidade de destino e as materias correspondentes ao plan de estudos que se está a cursar na USC e cuxo recoñecemento se vai obter como consecuencia da superación daquelas, así como a súa equivalencia en créditos.

12.2. O número de créditos que ordinariamente se incluírán no acordo de estudos é o equivalente a 60 ECTS para un curso académico completo ou o equivalente a 30 ECTS para un semestre. De forma excepcional e debido a circunstancias académicas acreditadas, para

mobilidades anuais o alumnado poderá incluír no acordo un mínimo de 40 ECTS e un máximo de 75 ECTS (90 ECTS en dobres graos). Para mobilidades semestrais o alumnado poderá incluír excepcionalmente un mínimo de 20 ECTS e un máximo de 35 ECTS (45 ECTS en dobres graos). Corresponderalle aos centros decidir se concorren as circunstancias académicas para que o estudantado poida incluír no acordo máis ou menos créditos dos ordinarios respectando os límites máximos e mínimos absolutos. Independentemente de que a USC permita cursar en mobilidade máis ou menos créditos dos ordinarios, o acordo de estudos tamén terá que ser aprobado pola universidade de acollida, podendo esta rexeitar que o/a estudante curse alí máis ou menos créditos dos ordinarios.

12.3. O estudantado poderá incluír materias suspensas no acordo de estudos consonte a Instrución 1/2013, da Secretaría Xeral da USC do 15 de maio de 2013 dispoñible en: <http://www.usc.es/es/perfis/internacional/normativa.html>. O alumnado poderá cursar en réxime de intercambio tantas materias suspensas como cursos académicos nos que estivera matriculado, sen contar o curso en que vaia realizar a mobilidade. Por exemplo, un/nha estudante matriculado/a en cuarto curso no ano que realice o intercambio podería incluír tres materias suspensas dos cursos previos. Non poderá matricularse do resto das materias suspensas, agás que o seu intercambio sexa dun semestre. Neste caso deberá matricularse na USC das materias suspensas do período en que non vaia realizar a mobilidade. As materias que aparecen no expediente como “Non presentado” non forman parte deste cómputo.

12.4. No acordo de estudos poderá figurar un número de créditos baixo a epígrafe “Créditos optativos xenéricos – programa de intercambio” naqueles casos onde as actividades que o estudantado vaia realizar na universidade de acollida non coincidan coas materias propias da titulación da USC. O número de créditos optativos xenéricos ten que coincidir exactamente co número de créditos da actividade na universidade de acollida. Na resolución de recoñecemento de estudos terá que figurar a denominación concreta e os créditos aplicables a cada materia ou actividade realizada. Pódense incluír créditos optativos xenéricos na parte da USC, pero non na parte correspondente ás materias ou actividades que se van cursar na universidade de acollida. Estas teñen que estar claramente reflectidas no acordo de estudos. Non se poderán recoñecer por créditos optativos xenéricos os excedentes de créditos das materias cursadas en destino e que sexan recoñecidas contra materias da USC. A modo de exemplo: unha materia de destino de 9 ECTS non poderá ser recoñecida por unha da USC de 6 ECTS e máis 3 créditos optativos xenéricos; só se poderán recoñecer os 6 ECTS da materia na USC.

12.5. O período de intercambio poderá incluír unha formación práctica e traballos académicamente dirixidos ou similares, se estes traballos figuran no plan de estudos. Os traballos de fin de grao (TFG) e traballos de fin de máster (TFM) poderán defenderse ben na USC, ben na universidade de destino, segundo quede establecido no plan de estudos correspondente e pola regulamentación xeral de traballos de fin de grao e de fin de máster da USC.

12.6. A data límite para entregar o acordo de estudos no decanato ou dirección do centro é o **31 de maio de 2024** para as mobilidades do primeiro semestre ou de curso completo e o **31 de outubro de 2024** para as mobilidades do segundo semestre. Unha vez elaborado o acordo de estudos non se admitirán a trámite modificacións do mesmo antes da incorporación do estudantado á universidade de acollida, agás que os cambios lle sexan requiridos pola universidade de destino.



### DECIMOTERCEIRA. FORMALIZACIÓN DO ACORDO DE ESTUDOS

13.1. Unha vez asinado o acordo de estudos ou a súa modificación, o/a coordinador/a académico/a remitirao, dentro dos prazos previstos, ao/á RAM e á Unidade de Apoio á Xestión do seu centro, que revisarán o contido, comprobando a equivalencia das materias propostas e o cumprimento das normas de matrícula e permanencia da USC. Finalizado o proceso de comprobación, o acordo remitirase á Oficina de Mobilidade, que procederá á súa sinatura como coordinador institucional.

13.2. Unha vez asinado o acordo de estudos pola Oficina de Mobilidade, esta remitirao por correo electrónico ao/á estudante, quen o enviará á universidade de destino, xunto co resto da documentación que lle requiran, para o seu coñecemento e para os efectos de confirmar a aceptación do/a estudante para cursar as materias propostas.

13.3. O acordo de estudos adquirirá carácter definitivo cando estea asinado polo/a estudante, o/a coordinador/a académico/a, a Oficina de Mobilidade, como coordinador institucional, e pola universidade de destino.

13.4. O documento terá carácter vinculante sempre que se cumplan os requisitos establecidos no programa de intercambio, no plan de estudos da titulación da persoa interesada e nas normas de matrícula e permanencia da USC.

13.5. Ningunha persoa poderá incorporarse á universidade de destino sen estar en posesión deste documento debidamente asinado no modelo da USC.

13.6. O estudiantado beneficiario das axudas referidas na base 3.2.1 terá que empregar os documentos e plataformas do programa Erasmus+ que lle indicará a Oficina de Mobilidade.

### DECIMOCUARTA. MODIFICACIÓN DO ACORDO DE ESTUDOS

O acordo de estudos poderase modificar seguindo o procedemento previsto para a elaboración do documento inicial **ata un mes despois da incorporación do/a estudante á universidade de destino**. Rematado ese prazo, a modificación do acordo de estudos só se autorizará por causas extraordinarias e debidamente xustificadas (por exemplo, o incumprimento das normas de matrícula ou permanencia, ou cambios na oferta académica da universidade de acollida). Abrirase un novo período de modificacións dun mes para as materias do segundo semestre cando este comece na universidade de acollida. Non se poderán facer modificacións extraordinarias do acordo de estudos con posterioridade á resolución do recoñecemento. Toda modificación do acordo de estudos que afecte ás materias da USC levará aparellada a modificación da matrícula. Unha vez os cambios estean aprobados pola USC, darase traslado dos mesmos ao/á estudante, que deberá contactar coa UXA correspondente para solicitar a modificación da súa matrícula consonte os cambios ao acordo de estudos aprobados.

### DECIMOQUINTA. MATRÍCULA

15.1. Formalizado o acordo de estudos, o alumnado deberá matricularse na USC do total dos créditos incluídos no acordo de estudos dentro dos prazos ordinarios establecidos. A matrícula na USC reportará os prezos públicos que determine o decreto correspondente da Xunta de

Galicia e calquera outra norma que sexa aplicable á matrícula ordinaria. A realización do mencionado pagamento de prezos públicos suporá a consideración como estudante da USC para todos os efectos.

15.2. As Unidades de Xestión Académica (UXA) procesarán de xeito provisional a matrícula daquel estudiantado que presente un acordo de estudos que non conte coas sinaturas da universidade de destino, á espera de que as persoas afectadas remitan á Oficina de Mobilidade o documento completado con todas as sinaturas **no prazo dun mes dende a súa chegada á universidade de acollida**.

15.3. Se o período de mobilidade é dun semestre, unicamente se poderá formalizar matrícula de materias para render exame na USC nas materias semestrais que non se correspondan co semestre de mobilidade. Tamén se poderán matricular os traballos de fin de grao e as prácticas para realízalos na USC sen telos incluídos no acordo de estudos, cando se cumpran os requisitos regulares para facelo. O número máximo de créditos dos que se pode matricular o alumnado sumando as materias incluídas no acordo de estudos e as non incluídas nel é de 75 ECTS ou 90 ECTS nas dobres titulacións ou programas de simultaneidade.

15.4. O estudiantado seleccionado estará sometido ao réxime de estudos da universidade de destino e disporá das convocatorias de exame que esta teña establecidas. Non obstante, ao alumnado permitiráselle presentarse aos exames de segunda oportunidade na USC das materias cursadas na universidade de destino sempre que se cumpran todas as seguintes condicións:

- a. Que a materia non se superase na universidade de destino, circunstancia que deberá acreditarse no momento da solicitude.
- b. Que a materia da titulación de orixe teña contidos equivalentes aos da materia cursada na universidade de destino. En ningún caso se permitirá presentarse a exame na USC de materias das que o alumnado estea matriculado na universidade de destino e que non existan no plan de estudos da USC.
- c. Que a guía docente non estableza criterios ou sistemas de avaliación que impidan a superación da materia de xeito independente (por exemplo, sen ter asistido a clase) na segunda oportunidade.

A solicitude de presentación á segunda oportunidade deberá realizarse perante a coordinación académica por calquera medio que permita constancia da súa recepción cun mínimo de 30 días antes do inicio do período de exames de segunda oportunidade. O/a coordinador/a académico/a comprobará que a solicitude reúne os requisitos e remitirá ao centro con informe favorable ou desfavorable. O/A RAM autorizará ou desestimar a solicitude por calquera medio que permita ter constancia e comunicará con antelación suficiente ao/á profesor/a da materia antes da avaliación e á persoa interesada. A Unidade de Apoio á Xestión de cada centro comunicará á UXA correspondente a relación do estudiantado que se vai acoller a esta posibilidade para que se lle retire a condición de estudiantado de intercambio na acta e que poida ser cualificado.

15.5. De xeito complementario ao seguro escolar de subscripción obrigatoria para todo o estudiantado da USC, o alumnado seleccionado para unha mobilidade por convenio bilateral terá que subscribir o seguro de accidentes e asistencia en viaxe para estudantes que determine a USC, independentemente da existencia de requisitos adicionais impostos pola institución de

acollida. A contratación de dito seguro está vinculada á matrícula para o período de intercambio e a póliza poderá ser descargada dende a Secretaría Virtual do alumnado.

## DECIMOSEXTA. INSCRICIÓN NA UNIVERSIDADE DE DESTINO

16.1. Os/As estudantes deberán realizar para a súa inscrición na universidade de destino os trámites administrativos que esta determine de acordo coas súas propias normas de organización, co respectivo programa ou convenio de mobilidade estudiantil e coa información facilitada desde a USC.

16.2. Na maioría das universidades de acollida é preciso facer unha solicitude de admisión como estudante de intercambio con moita antelación ao período de mobilidade. **É responsabilidade do estudiantado facer dita solicitude de admisión en tempo e forma.** Os casos en que o estudiantado non sexa admitido por non presentar a súa solicitude en tempo ou consonte as esixencias da universidade de acollida serán considerados renuncias fóra de prazo e implicarán unha penalización para futuras convocatorias de programas de mobilidade xestionados pola Oficina de Mobilidade.

## DECIMOSÉTIMA. RECEPCIÓN DAS CUALIFICACIÓNS E RECOÑECIMENTO DOS ESTUDOS REALIZADOS

17.1. Unha vez finalizada a súa estadía na universidade de destino, o estudiantado deberá solicitar do órgano competente nesa universidade a expedición dunha certificación académica orixinal acreditativa dos estudos realizados, coa denominación das correspondentes materias, os créditos obtidos e a cualificación acadada. No caso de cualificacións emitidas en formato dixital polas universidades estranxeiras, estas só se considerarán válidas nos casos en que se poida comprobar a súa autenticidade por medios electrónicos ou no caso de que sexan enviadas por email directamente dende as universidades de acollida aos decanatos ou á Oficina de Mobilidade (aínda que non teñan certificado dixital). Non se admitirán acreditacións electrónicas procedentes en exclusiva dos/as propios/as discentes. É responsabilidade do estudiantado conseguir esa certificación, que é imprescindible para poder realizar o recoñecemento dos seus estudos realizados fóra da USC. A USC non se responsabilizará naqueles casos onde o estudiantado, debido a unha recepción tardía do certificado académico da universidade de acollida, non poida cumprir con prazos (por exemplo, de admisión en másteres, TFG/TFM, prácticas etc.) do mesmo ou seguinte curso académico. Non serán recoñecidos estudos ou actividades realizados que non figuren no acordo de estudos, nin aqueles dos que o/a estudante non se matriculase previamente, sen prexuízo da posibilidade da súa constancia no Suplemento Europeo ao Título (SET).

17.2. Para o recoñecemento e, en especial, o establecemento da equivalencia de cualificacións, estarase ao disposto na normativa vixente aprobada pola USC.

17.3. A proposta de resolución de recoñecemento de estudos será elevada pola Unidade de Apoio á Xestión do centro ao/á decano/a ou director/a do centro para que emita a correspondente resolución. Esta resolución seralle comunicada á persoa interesada e remitida á UXA correspondente acompañada das certificacións para a súa custodia no expediente documental do/a estudante e para que proceda á imputación das cualificacións no seu

expediente académico. A proposta de resolución de recoñecemento só é vinculante se reúne os requisitos legais, os da convocatoria, os do Regulamento de Intercambios da USC, os da a normativa sobre recoñecemento e os do plan de estudos. As mencionadas cualificacións imputaranse de oficio no citado expediente na primeira convocatoria ordinaria en que se poidan incluír. A resolución de recoñecemento debe trasladar as cualificacións outorgadas ao sistema español tal como veñen recollidas na certificación emitida pola universidade de acollida, seguindo a normativa referida na base 17.2 e as táboas de equivalencia aprobadas por acordos da Comisión Xeral de Validacións e Recoñecementos complementarias ás táboas do MECD, para os casos que non existan equivalencias aplicables. Estas táboas están dispoñibles en no sitio web da Oficina de Mobilidade, <https://www.usc.gal/gl/servizos/area/internacional/mobilidade-estudantes/normativa-mobilidade>.

17.4. O recoñecemento dos estudos queda supeditado ao cumprimento de todas as obrigas por parte do estudiantado de intercambio.

#### **DECIMOITAVA. LUGAR DE NOTIFICACIÓN DOS ACTOS DERIVADOS DA PRESENTE CONVOCATORIA**

Os actos derivados da presente convocatoria, así como a resolución definitiva, publicaranse no taboleiro de anuncios da sede electrónica. <https://sede.usc.es/sede/publica/taboleiro/inicio.htm>.

#### **DECIMONOVENA**

19.1. A presentación de solicitudes supón a aceptación das bases da presente convocatoria.

19.2. Contra a presente resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer recurso contencioso-administrativo perante o xulgado do contencioso-administrativo de Santiago de Compostela ou Lugo no prazo de dous meses a contar desde o día seguinte á súa publicación, de conformidade cos artigos 46 e 8.2.a) da Lei da Xurisdición Contencioso Administrativo, aprobada por Lei 29/1998, do 13 de xullo. Non obstante, as persoas interesadas poderán interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo dun mes perante o órgano que ditou a presente resolución. Neste caso non se poderá interpoñer o recurso contencioso-administrativo anteriormente indicado en tanto non recaia resolución expresa ou presunta do recurso administrativo de reposición, ao abeiro dos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Por delegación de competencias (R.R. do 21/04/2022, DOG do 26/04/2022)  
A vicerreitora de Titulacións e Internacionalización  
María José López Couso

Documento asinado dixitalmente conforme a Lei 39/2015 do 1 de outubro do procedemento administrativo común das administracións públicas

## Sinatura dixital / Firma digital / Digital signature

**Asinante/Firmante/Signer:** MARIA JOSE LOPEZ COUSO, VICERREITORA DE TITULACIONES E INTERNACIONALIZACIÓN, UNIVERSIDAD DE SANTIAGO DE COMPOSTELA, 24/01/2024 14:02:46.

**CSV:** D77D-CE57-4B9A-81C7